

materia

Introducción á Contabilidade

unidade didáctica 3

0 método contable

Luís Ignacio Rodríguez Gil

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade Ciencias Económicas e Empresariais



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,
CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA



unidade didáctica 3

0 método contable

Luís Ignacio Rodríguez Gil

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade Ciencias Económicas e Empresariais



© Universidade de Santiago de Compostela, 2013



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.g>

Deseño
Unidixital
Servizo de Edición Dixital
da Universidade de Santiago de Compostela

Edita
Vicerreitoría de Estudantes,
Cultura e Formación Continua
da Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

Imprime
Unidixital
Dep. Legal: C 41 - 2013
ISBN 978-84-9887-973-5

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos editores.

MATERIA: Introducción á contabilidade

TITULACIÓN: Grao en Administración e Dirección de Empresas

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. A contabilidade e o seu contorno

Unidade II O patrimonio empresarial e a súa representación. Estados financeiros periódicos

Unidade III. O método contable

Feitos económicos e feitos contables.

O método contable.

Identificación e captación de datos.

Medición e valoración.

Rexistro contable. A conta.

Agregación en estados contables.

Unidade IV. O ciclo contable

Unidade V. Aspectos básicos da normalización contable

Unidade VI. O activo non corrente

Unidade VII. As existencias

Unidade VIII. Disponibilidades líquidas e contas a cobrar

Unidade IX. Recursos alleos

Unidade X. O patrimonio neto

Unidade XI. O resultado: gastos e ingresos

Unidade XII Os estados contables

ÍNDICE

Presentación.....	7
Os obxectivos	7
A metodoloxía.....	8
Os contidos básicos	9
1 Feitos económicos e feitos contables	9
1.1 Clasificación dos feitos contables.....	9
2 O método contable	10
2.1 O principio de dualidade: a partida dobre	11
2.1.1 Regras de funcionamento da partida dobre	12
3 Identificación e captación de datos	12
4 Medición e valoración.....	12
5 Rexistro contable.....	14
6 Agregación en estados contables	18
Actividades propostas	19
Avaliación da unidade didáctica	20
Anexos.....	21
Bibliografía.....	22

PRESENTACIÓN

A contabilidade encárgase de estudar, medir, rexistrar e comunicar determinados feitos económicos, co fin de que resulte útil na toma de decisión e control os distintos axentes económicos (administración pública, entidades financeiras, clientes, provedores, investidores, xestores, propietarios, etc.). Para cumprir este cometido e comunicar a información contable e requisito imprescindible elaborar previamente a mesma que será publicada a través dos estados contables (balance, conta de resultados, estado de cambios no patrimonio neto, estado de fluxos de efectivo e memoria). A contabilidade para elaborar esta información segue un método específico o que se coñece como método contable.

Non todos os alumnos de primeiro curso do grao contan con coñecementos en materia contable. En consecuencia, a materia está dirixida especialmente aos que se inician na formación contable, móstrase como identificar e valorar os distintos elementos que integran o patrimonio da empresa, asimíllase o método contable, estúdanse detalladamente todas e cada unha das etapas do ciclo contable, e unha vez introducido o concepto de normalización contable e os sistemas existentes, analízase o marco xurídico da contabilidade en España, prestando unha especial atención ao Plan Xeral de Contabilidade que entrou en vigor en xaneiro do 2008.

Esta unidade é importante para a formación do alumno ao permitirlle comprender o funcionamento contable dunha empresa, ao tempo que resulta necesaria para o correcto desenvolvemento das unidades posteriores, así como de todas as materias contables posteriores. En canto á duración, está deseñada para ser desenvolvida nunhas 5-6 horas entre expositivas e interactivas.

OS OBXECTIVOS

En canto aos obxectivos xerais, o programa da materia pretende ofrecerlle ao alumno unha visión xeral sobre a contabilidade financeira empresarial, cales son os seus obxectivos e tamén saber cómo se obtén e elabora a información contable. Preténdese que os alumnos que cursen esta materia poidan:

- identificar e informar dos feitos económicos máis relevantes con incidencia patrimonial que relacionan a empresa co seu ámbito;
- definir e analizar os conceptos fundamentais de Activo, Pasivo, Patrimonio Neto e Resultado Contable;
- coñecer e saber aplicar o Método da Partida Dobre como fundamento básico da Contabilidade;
- utilizar os instrumentos contables conceptuais e materiais necesarios para desenvolver a Contabilidade;
- analizar o ciclo contable e a problemática que poden formular as distintas operacións que aparecen en cada fase do ciclo;
- destacar a importancia da normalización contable e aprender a utilizar correctamente o Plan Xeral de Contabilidade;

Como obxectivos específicos propoñémonos que ó rematar a unidade didáctica o alumno/a será capaz de:

- comprender o significado de "feito contable";
- entender o método seguido pola contabilidade financeira para o tratamento do feitos contables que son recoñecidos de acordo con un procedemento sistemático;
- comprender o método da partida dobre, así como o principio de dualidade no que este se fundamenta;
- entender o funcionamento do método contable como fonte de descrición e de análise dos feitos económicos que xeran feitos contables;
- comprender con maior precisión cómo a ecuación contable, vista na unidade anterior, describe o equilibrio entre o investimento na empresa e as fontes de financiamento;
- aplicar o método indicado para o desenvolvemento da contabilidade financeira, en liña cos procedementos que se consideran no Plan Xeral Contable.

A METODOLOXÍA

A metodoloxía que se vai empregar será semellante para as cinco primeiras unidades didácticas por conter unha gran cantidade de conceptos teóricos especificamente contables e novos para os alumnos. De forma xeral e moi resumida consistirá en expoñer e dar a coñecer os conceptos teóricos e legais nas horas expositivas, reforzar, asentar, debater e levar a práctica estes conceptos nas horas interactivas a través de exemplos e de exercicios prácticos.

Xa máis en concreto e para esta unidade didáctica, desenvolverase en sesións na aula, dedicadas a clases expositivas, que teñen por obxectivo introducir e explicar os conceptos básicos de cada tema do programa, mediante lección maxistral proxectando na aula unha presentación, tamén se compaxinará con exemplos prácticos para reforzar a aprendizaxe dos distintos aspectos teóricos vistos. O alumno terá con tempo previo, o material audiovisual que se use na exposición. Neste sentido, proporcionarase a información necesaria para permitir o desenvolvemento axeitado do proceso de aprendizaxe autónomo, mediante a utilización da plataforma virtual da USC.

Por outra banda, nas sesións interactivas dedicarase á resolución na aula de diferentes casos prácticos e exercicios, á discusión de solucións doutros exercicios propostos para resolver na casa e ó debate ou discusión técnica sobre cuestións diversas. Previamente, os alumnos terán os enunciados dos problemas que se deben resolver e a información necesaria para a preparación das cuestións que se van discutir, para este fin, como xa se comentou, utilizarase a plataforma virtual da USC.

Xa por último, os alumnos poderán asistir ás titorías para resolver os problemas que poidan xurdir onde se procederá a tratar individual e persoalmente as posibles dúbidas que puidesen xurdir, posibilitando a correcta asimilación da materia impartida por todos e cada un dos

alumnos. Con isto preténdese facer un seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno.

OS CONTIDOS BÁSICOS

A contabilidade, para cumprir o seu labor de coñecer a realidade empresarial e converter o devandito coñecemento nunha información útil e oportuna, viuse na necesidade de sistematizar os seus modos de actuación, mediante o chamado método contable.

O método contable representa o procedemento específico de análise da actividade económica da empresa que, en función da interpretación do Plan Xeral Contable, e en base a aplicación dos criterios contables e normas de valoración requiridos, debe conducir a que as contas anuais mostren a imaxe fiel do patrimonio, dos resultados do exercicio e da situación financeira da empresa.

1 Feitos económicos e feitos contables

Antes de tratar o estudo do método contable, convén aclarar que feitos deben ser obxecto de rexistro e cales non por parte da contabilidade.

Neste sentido, un feito económico é calquera acontecemento de natureza económica, por exemplo a contratación de un novo traballador por parte da empresa. Se ben é relevante para a empresa e pode que nun futuro afecte ao patrimonio da empresa, aínda que neste momento non é así, polo que non se considerará neste momento feito contable e en consecuencia non será obxecto de rexistro por parte da contabilidade.

Un feito contable é un suceso ou acontecemento económico susceptible de valoración que afecta significativa e directamente o patrimonio empresarial. Pensemos agora por exemplo na devindicación do salario do novo traballador contratado.

En consecuencia, se ben todos os feitos contables teñen un contido económico, non todos os feitos económicos nos que directa ou indirectamente se ve inmersa a empresa afectan o seu patrimonio, polo que non son feitos contables, e polo tanto, non serán rexistrados polo sistema de información contable.

1.1 Clasificación dos feitos contables

Como xa indicamos, un feito contable é aquel que afectará directamente ao patrimonio da empresa, polo que incidirá na identidade contable básica:

ACTIVO	=	PATRIMONIO NETO + PASIVO
ESTRUTURA ECONÓMICA	=	ESTRUTURA FINANCEIRA
INVESTIMENTOS / APLICACIÓNS	=	FINANCIAMENTO / ORIXES

Esta identidade mantense sempre, o que significa que cada feito contable afectará polo menos a dous dos elementos patrimoniais que forman parte das masas de activo, pasivo esixible ou neto.

Pódense facer distintas clasificacións dos feitos contables en función do criterio tido en conta.

Dependendo de se se ven afectados dous ou máis elementos patrimoniais dos que integran a identidade contable básica podemos falar de:

- feitos contables simples: son aqueles acontecementos nos que só interveñen dous elementos patrimoniais;
- feitos contables compostos: caracterízanse porque neles interveñen máis de dous elementos patrimoniais.

Non obstante, se como criterio clasificador atendemos ao efecto que un feito contable produce no patrimonio empresarial, pódese falar de:

- feitos contables permutativos son aqueles que só afectan a composición cualitativa del patrimonio sen que elo implique una variación de carácter cuantitativo, e dicir, non altera o patrimonio neto;
- feitos contables modificativos alteran cuantitativamente o patrimonio neto;
- feitos contables mixtos son unha combinación dos anteriores, polo que afectarán tanto a composición como o importe do patrimonio.

2 O método contable


O obxectivo último da contabilidade é proporcionar información útil sobre determinados acontecementos que repercuten no patrimonio da entidade. Neste sentido, a contabilidade conta con unha específica e validada forma de analizar a realidade económica, é dicir, conta cun obxecto formal propio que a diferenza do resto de disciplinas científicas, é o denominado método contable.

O método contable é o modo que ten a contabilidade de reflectir os feitos contables. Defínese como o conxunto de principios e acordos, tanto conceptuais como instrumentais, cuxo fin é a identificación, cuantificación e rexistro de feitos contables, co fin de proporcionar a información que os suxeitos decisorios precisan para a adecuada xestión da organización

(Trigueros *et al.* 2001).É dicir, que se desenvolve a través das seguintes fases:

- identificación e captación de datos da realidade económica;
- medición e valoración de estes datos;
- rexistro contable;
- agregación en estados sintéticos que conteñen información relevante e estruturada.

Na seguinte figura presentamos un esquema do método contable.



2.1 O principio de dualidade: a partida dobre

O método contable fundaméntase no denominado principio de dualidade que á súa vez se materializa no método da partida dobre.

Este principio parte da contemplación da realidade económica dende una dobre perspectiva, xa que todo feito contable afecta, polo menos, a dous dos elementos da identidade contable básica vista anteriormente. Isto é consecuencia da existencia en todo feito contable de dúas partes que poden ser interpretadas como causa e efecto ou ben orixe e aplicación, é dicir, en cada feito hai sempre dous compoñentes patrimoniais entre os que se establece unha relación de causa-efecto que é precisamente o que se propón revelar a contabilidade. Por conseguinte, existen dous aspectos contrapostos que cualitativamente están perfectamente diferenciados e cuantitativamente presentan valores idénticos.

Feito contable	Causa/orixe	Efecto/aplicación
Cobro a un cliente	(+) bancos (activo)	(-) clientes (activo)

Como se pode observar, calquera anotación nun membro da identidade contable básica precisa doutra anotación, polo mesmo importe e en sentido contrario, noutro membro, desta forma mantense sempre a igualdade do balance. Este método consistente en anotar unha mesma operación dúas veces coñécese como o método da partida dobre. Establece como hipótese a separación entre os bens, dereitos, obrigas-débedas e o

patrimonio neto. O principio fundamental do método da partida dobre establece que toda anotación contable debe realizarse de forma que se conserve permanentemente a igualdade entre o conxunto de bens e dereitos (activo) e o de obrigacións e patrimonio neto (pasivo e patrimonio neto).

2.1.1 Regras de funcionamento da partida dobre

O cumprimento do principio fundamental do método da partida dobre implica as seguintes regras de funcionamento: (anexo 1)

- toda conta debe constar de dúas partes, que recollerán, respectivamente, os aumentos e diminucións dos elementos representados;
- en toda anotación contable deben intervir a lo menos dúas contas que funcionen de forma oposta, ben porque sendo do mesmo signo unha recolla aumentos e a outra diminucións, ben porque, sendo de signo contrario, o mesmo tipo de operación (xa sexa aumento ou diminución) teña significado antitético;
- a variación cuantitativa das dúas ou máis contas que funcionen de forma oposta han de ser conxuntamente iguais;

3 Identificación e captación de datos

A identificación e a captación e a primeira fase do método contable, xa que trata de discriminar sobre os obxectos que se pretenden coñecer. A complexidade da realidade económica e os múltiples obxectivos que os conforman requiren que se faga unha observación selectiva dos datos que se consideran relevantes en función do obxectivo a cubrir. Polo tanto, atendendo á finalidade da contabilidade, e como xa se indicou anteriormente non se van rexistrar todas as operacións que teñan lugar na empresa.

Nun primeiro lugar, hai que identificar que operacións ou feitos deben ser captados por parte da contabilidade. Só os feitos contables serán obxecto de identificación e captación por parte da contabilidade financeira. En contabilidade, a captación contable consiste en percibir ou obter información sobre calquera acontecemento que inflúe ou pode influír cuantitativa ou cualitativamente de forma significativa no patrimonio dunha entidade e que pode ser captado e rexistrado contablemente. Consiste na obtención de información sobre feitos contables. Isto realízase a través de documentación xustificativa de operacións realizadas (recibos, facturas, nóminas, extractos bancarios etc.)

4 Medición e valoración

A contabilidade emite información económica eminentemente cuantitativa. De aí, a necesidade de valorar os elementos que interveñen nas transaccións en que participa a empresa.

Cada elemento poderíase cuantificar ou medir atendendo a distintos patróns de medida: quilogramos, metro cadrado, etc. Pero, se cada elemento se medise segundo un baremo diferente, a información

subministrada pola contabilidade non sería axeitada aos fins que persegue, posto que non mostraría a imaxe fiel da situación patrimonial, financeira e dos resultados da empresa. É dicir, unha vez identificados os elementos en calquera transacción expresaranse en unidades monetarias de curso legal. Por conseguinte a medición consiste na cuantificación dos fluxos reais de acordo con certas regras.

Esta fase consiste na análise dos feitos contable captados na fase anterior e na súa valoración. Para iso aplícanse os criterios de recoñecemento e valoración dos elementos empresariais. Por iso, para que a información contable resulte útil aos distintos destinatarios, establécese un patrón de medida común para todos os elementos, que será a unidade monetaria de curso legal -no noso caso, o euro- que expresará o prezo destes. A valoración consiste na expresión monetaria dos atributos cuantitativos anteriores, en consecuencia, a valoración é o proceso por o que se asigna un valor monetario a cada un dos elementos integrantes das contas anuais, de acordo co disposto nas normas de valoración relativas a cada un de eles. Existen distintas posibilidades de valoración dos elementos patrimoniais que dependen da natureza dos elementos e da finalidade da valoración (empresa en funcionamento, liquidación). Ditas normas están incluídas na segunda parte do Plan Xeral de Contabilidade. De xeito introdutorio indicamos algúns dos mesmos:

- custo histórico ou custo: O custo histórico ou custo dun activo é o seu prezo de adquisición ou custo de produción. O prezo de adquisición inclúe o prezo facturado polo vendedor máis tódolos gastos inherentes a esa compra ata que o activo estea en condicións operativas. O custo de produción está composto por tódolos factores produtivos consumidos para a súa obtención: como son as materias primas e outros materiais, a man de obra directa e outros custos indirectos cuxa atribución ou custo de produción sexa razoable. Con carácter xeral o prezo de adquisición de un pasivo é o importe do ben ou dereitos recibidos ao incorrer na correspondente débeda;
- valor razoable: para un activo, con carácter xeral, é o valor de mercado ou a cantidade de diñeiro que podería obterse no momento actual por a venta non forzada dese activo. Non terá en ningún caso o carácter de valor razoable o que resulte de unha transacción forzada, urxente ou que derive dunha situación de liquidación involuntaria;
- valor neto realizable: valor que se espera obter por a venta de un activo menos os custes estimados necesarios para levar a cabo o seu alleamento;
- valor actual; importe dos fluxos de efectivo a recibir ou a pagar por un activo ou un pasivo, considerando un tipo de desconto adecuado.

Estes e outros criterios de valoración iranse desenvolvendo nos temas seguintes, a medida que se van estudando os distintos elementos que compoñen o activo, pasivo e neto patrimonial.

5 Rexistro contable

O rexistro contable consiste na expresión na linguaxe contable dos sucesos económicos. Pódese efectuar de distintas maneiras xa convidas, pero a técnica máis estendida e habitual, é a descrita por Frei Luca Pacioli, que ao longo do tempo se foi perfeccionando e que se coñece como o método da partida dobre.

Mediante esta técnica, a empresa rexistra contablemente as operacións que día a día realiza no libro Diario e, ao mesmo tempo, anota os movementos -incrementos e diminucións- que experimentan os distintos elementos no libro Maior. O rexistro das operacións realizadas día a día recóllese no libro Diario (en este as operacións rexístranse en forma de asento contable). O libro Maior é o que reúne todas as contas, dise que é un rexistro sintético porque sintetiza nas contas os movementos que se foron producindo como consecuencia das operacións acontecidas. É onde se recollerán, para todas e cada una das contas, as variacións que previamente foron plasmadas no libro Diario. En consecuencia, os instrumentos básicos para proceder o rexistro son os libros de contabilidade e as contas.

A conta é una ferramenta contable, que ten por obxecto representar todos e cada un dos elementos que constitúen o patrimonio, así como aos resultados contables. Será preciso crear ou abrir unha conta cada vez que xurda una nova partida de activo, pasivo, neto, gasto e ingresos. Cada conta indica o valor (unidades monetarias) do elemento que representa.

A terminoloxía contable relacionada co funcionamento das contas é o seguinte:

- debe: parte esquerda;
- haber: parte dereita;
- titular ou abrir unha conta: nomear e facer unha anotación nunha conta;
- cargar, deber ou debitar: anotación no debe;
- aboar, acreditar ou datar: anotación no haber;
- asento contable ou anotación na conta: rexistrar unha transacción económica, seleccionando as contas afectadas e anotando a súa data e valoración monetaria;
- saldo dunha conta: diferenza que existe entre a suma do debe e do haber;
- saldo debedor = $\Sigma D > \Sigma H$;
- saldo acredor = $\Sigma D < \Sigma H$;
- saldo cero = $\Sigma D = \Sigma H$;
- liquidar: facer as operacións que permiten calcular o saldo, sumando separadamente a totalidade do debe e do haber;
- saldar: unha vez obtido o saldo, colocalo na columna que some menos, para que así o saldo da conta sexa 0;
- pechar unha conta: unha vez saldada a conta facemos a suma do debe e do haber, e danse por rematadas as anotacións.


En función do contido ou da natureza do elemento patrimonial que representa distínguense os seguintes tipos de contas:

- contas de activo;
- contas de pasivo;
- contas de neto;
- contas de ingresos e gastos: que integran o resultado.

As contas de activo, pasivo e neto denomínanse contas de balance, integrais ou patrimoniais, por ser as que compoñen o balance de situación. A súa vez, as contas de ingresos e gastos denomínanse contas de resultados, diferenciais ou de xestión.

Nos textos de contabilidade as contas adoptan a forma de T.

En canto ao convenio de funcionamento das contas pódese ver nos seguintes cadros:



En relación ao seu funcionamento pódese falar de contas administrativas (aquelas que utilizan o mesmo criterio de valoración para rexistrar as entradas e as saídas) e contas especulativas (aquelas que utilizan distinto criterio de valoración para rexistrar as entradas e as saídas).

Rexistrar só as operacións nas contas tería o inconveniente de saber as contas que se relacionaron entre si como froito das transaccións onde actuaron conxuntamente. Por este motivo, os feitos contables anótanse primeiro nun rexistro cronolóxico denominado libro diario (asentos de diario), de despois estas anotacións trasládanse ás contas. Pódese facer un asento por cada un dos feitos contables acontecidos, ou asentos resumos que inclúan as partidas afectadas por as operacións realizadas en un determinado intervalo de tempo (día, semana ou mes). A forma básica do libro diario é a seguinte:

Ref.	Debe	Fecha		Haber
		Cuenta cargada	a cuenta abonada	

A contabilidade da empresa e, en especial, o rexistro e a valoración dos elementos das contas anuais desenvolveranse aplicando obrigatoriamente os principios contables que se indican a seguir:

- 1) empresa en funcionamento: considerarase, salvo proba en contrario, que a xestión da empresa continuará nun futuro previsible, polo que a aplicación dos principios e criterios contables non ten o propósito de determinar o valor do patrimonio neto para os efectos da súa transmisión global ou parcial, nin o importe resultante en caso de liquidación.
Naqueles casos en que non resulte de aplicación este principio, nos termos que se determinen nas normas de desenvolvemento deste Plan xeral de contabilidade, a empresa aplicará as normas de valoración que lle resulten máis adecuadas para reflectir a imaxe fiel da operación tendentes a realizar o activo, cancelar as débedas e, de ser o caso, repartir o patrimonio neto resultante, debendo subministrar na memoria das contas anuais toda a información significativa sobre os criterios aplicados;
- 2) devindicación: os efectos das transaccións ou feitos económicos rexistraranse cando ocorran, e imputaranse ao exercicio a que as contas anuais se refiran os gastos e os ingresos que afecten este, con independencia da data do seu pagamento ou do seu cobramento;
- 3) uniformidade: adoptado un criterio dentro das alternativas que, de ser o caso, se permitan, deberase manter no tempo e aplicarse de maneira uniforme para transaccións, outros eventos e condicións que sexan semellantes, mentres non se alteren os supostos que motivaron a súa elección. De se alteraren estes supostos, poderase modificar o criterio adoptado no seu día; nese caso, estas circunstancias faranse constar na memoria, na cal se indicará a

incidencia cuantitativa e cualitativa da variación sobre as contas anuais;

- 4) prudencia: deberase ser prudente nas estimacións e valoracións que se realicen en condicións de incerteza. A prudencia non xustifica que a valoración dos elementos patrimoniais non responda á imaxe fiel que deben reflectir as contas anuais. Así mesmo, sen prexuízo do disposto no artigo 38 bis do Código de comercio, unicamente se contabilizarán os beneficios obtidos ata a data de peche do exercicio. Polo contrario, deberanse ter en conta todos os riscos, con orixe no exercicio anterior ou noutro anterior, tan pronto como sexan coñecidos, mesmo se só se coñecesen entre a data de peche das contas anuais e a data en que estas se formulen.

Nestes casos darase cumprida información na memoria, sen prexuízo do seu reflexo, cando se xerese un pasivo e un gasto, noutros documentos integrantes das contas anuais. Excepcionalmente, se os riscos se coñecesen entre a formulación e antes da aprobación das contas anuais e afectaren de forma moi significativa a imaxe fiel, as contas anuais deberán ser reformuladas. Deberanse ter en conta as amortizacións e correccións de valor por deterioración dos activos, tanto se o exercicio se salda con beneficio como con perda;

- 5) non-compensación: salvo que unha norma dispoña de forma expresa o contrario, non se poderán compensar as partidas do activo e do pasivo ou as de gastos e ingresos, e valoraranse separadamente os elementos integrantes das contas anuais;
- 6) importancia relativa: admitirase a non-aplicación estrita dalgúns dos principios e criterios contables cando a importancia relativa en termos cuantitativos ou cualitativos da variación que tal feito produza sexa escasamente significativa e, en consecuencia, non altere a expresión da imaxe fiel. As partidas ou importes cuxa importancia relativa sexa escasamente significativa poderán aparecer agrupados con outros de semellante natureza ou función. Nos casos de conflito entre principios contables, deberá prevalecer o que mellor conduza a que as contas anuais expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da empresa.

Na primeira parte do Plan Xeral de Contabilidade (marco conceptual da contabilidade) punto 5º, faise referencia explicitamente os Criterios de rexistro ou recoñecemento contable dos elementos das contas anuais, onde senos indica: "O rexistro ou recoñecemento contable é o proceso polo cal se incorporan ao balance, á conta de perdas e ganancias ou ao estado de cambios no patrimonio neto, os diferentes elementos das contas anuais, de acordo co disposto nas normas de rexistro relativas a cada un deles, incluídas na segunda parte deste Plan xeral de contabilidade.

O rexistro dos elementos procederá cando, cumpríndose a definición destes incluída no punto 4º da primeira parte do plan xeral de contabilidade, se cumpran os criterios de probabilidade na obtención ou cesión de recursos que incorporen beneficios ou rendementos económicos e o seu valor se poida determinar cun adecuado grao de fiabilidade."

6 Agregación en estados contables

Ata agora, trazáronse xenericamente as liñas a seguir para captar a realidade económica, valorar as transaccións e rexistralas contablemente. Pero esta información ha de chegar ás mans dos usuarios contables en forma agregada -é dicir, considerando todas as operacións realizadas durante certo período de tempo-, dun xeito resumido e destacando os aspectos máis relevantes, o que se logra mediante a súa plasmación nos estados contables.

Consiste na acumulación da información presentada e na elaboración de informes de síntese ou estados contables, entre outros as Contas Anuais, para comunicar a información aos axentes económicos. Estes estados contables tamén son denominados estados financeiros, estados económico-financeiros e contas anuais. Este último termo, ten a súa razón de ser en que xeralmente o exercicio contable correspóndese co prazo de un ano.

No plan xeral de contabilidade establécese que as contas anuais ou estados financeiros forman unha unidade e están integrados polo balance, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria. O obxecto das contas anuais é mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da empresa.

O balance de situación representa o patrimonio empresarial en unha fecha dada.

A conta de perdas e ganancias expresa o resultado xerado polos ingresos e gastos obtidos pola empresa durante un exercicio contable.

O estado de cambios no patrimonio neto informa sobre as variacións deste tipo na empresa no curso dun exercicio económico.

O estado de fluxos de efectivo ten como obxectivo informar sobre a orixe e a utilización dos activos monetarios representativo de efectivo durante un exercicio económico, así como a variación neta desta magnitude.

A memoria amplía e comenta o contido do resto das contas anuais.

Os estados financeiros teñen un obxectivo básico que é proporcionar información de utilidade para a toma de decisións dos distintos usuarios. As contas anuais configúranse como a síntese informativa do proceso de rexistros contables practicados pola empresa durante un exercicio económico.

As contas anuais elabóranse cunha periodicidade de doce meses, salvo nos casos de constitución, modificación da data de peche do exercicio social ou disolución. As contas anuais deben ser formuladas polo empresario, nas empresas cuxo titular sexa unha persoa física, ou polos administradores, se a titularidade corresponde a unha persoa xurídica.

O plan xeral de contabilidade establece unha serie de requisitos que debe cumprir a información a incluír nas contas anuais como son:

- debe ser relevante e fiable: A información é relevante cando é útil para a toma de decisións económicas, é dicir, cando axuda a avaliar sucesos pasados, presentes ou futuros, ou ben a confirmar ou

corrixir avaliacións realizadas anteriormente. En particular, para cumprir con este requisito, as contas anuais deben amosar adecuadamente os riscos a que se enfronta a empresa.

A información é fiable cando está libre de erros materiais e é neutral, é dicir, está libre de nesgos, e os usuarios poden confiar en que é a imaxe fiel do que pretende representar.

Unha calidade derivada da fiabilidade é a integridade, que se alcanza cando a información financeira contén, de forma completa, todos os datos que poden influír na toma de decisións, sen ningunha omisión de información significativa.

Adicionalmente, a información financeira debe cumprir coas calidades de comparabilidade e claridade. A comparabilidade, que debe estenderse tanto ás contas anuais dunha empresa no tempo como ás de diferentes empresas no mesmo momento e para o mesmo período de tempo, debe permitir contrastar a situación e rendibilidade das empresas, e implica un tratamento semellante para as transaccións e demais sucesos económicos que se producen en circunstancias parecidas. Pola súa banda, a claridade implica que, sobre a base dun razoable coñecemento das actividades económicas, a contabilidade e as finanzas empresariais, os usuarios das contas anuais, mediante un exame dilixente da información subministrada, poidan formar xuízos que lles faciliten a toma de decisións.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Para impartir esta unidade didáctica vanse levar a cabo unha serie de actividades que pasamos a explicar.

Previamente, para que vexan o interese, a aplicación práctica e para motivar, imos formular na aula unha serie de cuestións sobre o alcance da contabilidade que permitan o debate. A cuestión central do mesmo será debater se como se entende na linguaxe cotiá o contido da contabilidade se circunscribe estritamente o mero rexistro das operacións realizadas pola empresa e ao seu rexistro nos libros ou realmente o campo de actuación da contabilidade é máis amplo. Nese mesmo cuestionario pediráselle o alumno que corrixa se é o caso cando a súa primeira resposta fose incorrecta, sempre deixando a resposta orixinal dada nun primeiro momento. O cuestionario será entregado ó profesor e serviralle tamén a este para valorar e comprobar os coñecementos previos cos que contan os alumnos.

Como xa se indicou o profesor procederá a explicar as cuestións máis teóricas nas clases expositivas, utilizarase como material básico fundamentalmente o material subministrado o alumno (campus virtual, fotocopiadora). Acto seguido, nas sesións interactivas tentarase que o alumnado aplique e poña en prácticaos conceptos teóricos. Para desenvolver estes contidos comentarase unha serie de exemplos e resolveranse unha serie de exercicios prácticos, tanto nas horas de clase como por conta do alumno. Nos distintos exemplos que se utilizarán para ilustrar o tema, de forma deliberada, aparecerán as partidas máis conflitivas á hora de formular un balance, co obxectivo de poder xerar debate na aula e

opinións encontradas que incitarán a unha maior reflexión por parte do alumno. Os exercicios van consistir en que a partir dos datos obtidos das operacións máis correntes realizadas polas empresas siga as distintas fases que compoñen o método contable.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

En xeral a avaliación da materia levarase a cabo (como se indica no programa) a través de dúas actuacións: avaliación continua e proba teórico-práctica final. A avaliación continua terá un peso do 30% na cualificación. Para superar a materia, deberase obter unha cualificación de 5 puntos, dos cales polo menos 4 deberanse obter no exame teórico práctico.

Levarase a cabo ó comezo da unidade didáctica (inicial), ó longo do seu desenvolvemento (procesual) e ó seu remate (final).

Na primeira etapa realízase a avaliación inicial que tratará sobre os coñecementos previos dos alumnos para observar se estes son adecuados e suficientes. Para levar a cabo esta tarefa realizarase un debate aberto na clase o primeiro día.

A medida que se van impartindo as distintas sesión levaremos a cabo a avaliación procesual, o obxectivo é detectar as dificultades de aprendizaxe dos alumnos, e se fose o caso, introducir os axustes necesarios. Supervisaranse os exercicios feitos na clase, os propostos para facer na casa.

A avaliación final levarase a cabo como se determina no programa da materia, que consistira nunha proba teórica-práctica final, na que se avaliará o dominio dos conceptos teóricos adquiridos así como a súa aplicación a casos prácticos, terá un peso de ata 7 puntos na nota final.

ANEXOS

Anexo 1 Funcionamiento da partida dobre

ORIXE	APLICACION
A todo <i>aumento de activo</i> corresponde	Diminución no activo mismo Aumento no pasivo Aumento no patrimonio neto
A toda <i>diminución de activo</i> corresponde	Aumento no activo Diminución no pasivo Diminución no patrimonio neto
A todo <i>aumento de pasivo</i> corresponde	Aumento no activo Diminución no pasivo Diminución no patrimonio neto
A toda <i>diminución de pasivo</i> corresponde	Diminución no activo Aumento no pasivo Aumento no patrimonio neto
A todo <i>aumento do patrimonio neto</i> corresponde	Aumento no activo Diminución no pasivo Diminución no patrimonio neto
A toda <i>diminución do patrimonio neto</i> corresponde	Diminución no activo Aumento no pasivo Aumento no patrimonio neto

BIBLIOGRAFÍA

TRIGUEROS PINA, J. A., SANSALVADOR SELLÉS, M. E., REIG MULLOR, J., GONZÁLEZ CARBONELL, J. F., CAVERO RUBIO, J. A. (2001): *Fundamentos y práctica de contabilidad*, Ed. Pirámide, Madrid.

CERVERA OLIVER, M., GONZÁLEZ GARCÍA, A., ROMANO APARICIO, J. (2008): *Contabilidad financiera (adaptada al nuevo PGC)*, Ed Centro de Estudios Financieros, Madrid.

REAL DECRETO 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade. Dispoñible en http://boe.es/boe_gallego/dias/2007/11/20/pdfs/A00003-00152.pdf

[Consulta: 002/007/2011].

REAL DECRETO 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas. Dispoñible en http://boe.es/boe_gallego/dias/2007/11/21/pdfs/A00003-00102.pdf

[Consulta: 02/07/2011]




Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade



Impreso en papel 100% reciclado e libre de cloro



SERVIZO DE NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA



9 788498 879735